

O Concello iniciará o reparto do libro *Oleiros en verde* nos vindeiros días

## Finaliza a obra do tanque de tormentas de Santa Cruz

Páxina 4



Concello de  Oleiros

## O Goberno central segue sen contratar o túnel de Sol y Mar

Páxina 8

# Vivir en Oleiros

Número 61  
Novembro 2018  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

A escultura está situada nunha das entradas do Parque José Martí



## Os xabarís causan numerosos estragos ante a pasividade da Xunta

Páxina 10

## Toni Ripoll campión do mundo de vela en Estados Unidos

Páxina 16

## As avoas e os avós son homenaxeados cun monumento

■ Unha escultura de bronce, situada na entrada que ten o parque José Martí na zona do paseo marítimo, servirá para homenaxear de maneira permanente ás avoas e avós como fontes constantes de agarimo, sabedoría e coidado dos netos e fillos. O pasado 27 de outubro procedeuse a inaugurar este monumento nun acto público no que participaron decenas de veciños e veciñas de todo o municipio.

## O Ministerio de Cultura volve premiar ás bibliotecas municipais

Páxina 19

## A nova lei de contratación pública retrasa o inicio dalgunhas obras

O antigo Goberno central do Partido Popular impuxo un cambio legislativo que está a causar numerosos atrancos a todos os concellos para tramitar a contratación de obras públicas. Aínda así, o Concello de Oleiros está a realizar igualmente as obras contempladas nos orzamentos municipais.

Páxinas 12 e 13

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
*Oleiros*

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## Unha campaña de 4 anos

Como xa sabedes, e aínda que algúns medios de comunicación pretenden taparnos, iniciamos un proceso de elección de candidatos e candidatas para as próximas eleccións municipais totalmente aberto, democrático e participativo. Tal e como sempre fixemos, estamos a celebrar asembleas abertas en todas as localidades de Oleiros para elixir a candidatura que representará a cada parroquia nas eleccións primarias de Alternativa dos Veciños, que se celebrarán o sábado 2 de febreiro no pavillón Arsenio Iglesias de Santa Cruz.

Nestas asembleas calquera persoa pode participar, votar e presentarse. As 29 candidatas

e candidatos escollidos participarán nas primarias, nas que tamén poden votar todos os veciños e veciñas de Oleiros maiores de 18 anos. Será finalmente pois o pobo o que decidirá as persoas que compoñen a lista electoral nunhas votacións nas que hai 4 anos participaron 3.160 persoas.

Para divulgar todo este proceso, que continuará a partir do mes de marzo coas ceas frías que se realizarán en todas as localidades, Alternativa dos Veciños conta cun grande obstáculo: a Lei de Protección de Datos. A mesma normativa que permite aos donos das redes sociais comerciar coa información persoal de mi-

lleiros de persoas, impídenos dirixirmonos a todos e todas vós por carta, tal e como sempre faciamos. É por iso que redobramos os nosos esforzos para intentar chegar a cada domicilio de maneira persoal e a través dos medios electrónicos.

O obxectivo que perseguimos non é outro que seguir construíndo un Oleiros singular e distinto, apostando por uns servizos públicos de calidade. Tamén pretendemos estender as nosas políticas aos demais municipios da comarca para construír entre todos unha área metropolitana forte, dotada das infraestruturas e dos equipamentos necesarios para afrontar con garantías os

importantes retos que se nos aveciñan nun futuro próximo.

O noso traballo está aí. Con erros, por suposto, pero tamén con moitos acertos. Estamos convencidos de que a honestidade, o esforzo e eficiencia coa que actuamos sempre, poñendo por riba de todo o interese xeral do pobo de Oleiros, son o noso mellor aval. Nesa liña seguiremos, sempre e cando sigades confiando en nós.

Correo electrónico:  
info@alternativadosvecinos.org

Teléfono: 981 610 000  
(extensión 1216)

Páxina web:  
www.alternativadosvecinos.org



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## José Bonome. Candidato do Partido Popular á Alcaldía de Oleiros 2019

En apenas uns meses os cidadáns de Oleiros, coma as miles de cidades e vilas de toda España estamos chamados ás urnas para elixir as novas corporacións municipais. É o goberno máis próximo ás nosas vidas, o que entende dos servizos básicos, da seguridade, da mobilidade, da convivencia entre todos. O Partido Popular renova o seu liderado con José Bonome, de profesión veterinario e con vocación de servir ao futuro de Oleiros, que é facelo coas necesidades de todos e cada un dos seus veciños. E facelo cun profundo respecto ás

regras da democracia, á transparencia e á igualdade de oportunidades. En moitos países democráticos a limitación de mandatos é unha esixencia legal. Non é conveniente eternizarse no cargo porque algúns caen na tentación de utilizar as arcas públicas en función dos seus intereses particulares e co propósito de perpetuarse. Tempo teremos de que os cidadáns coñezan como no seu Concello o alcalde rouba aos grupos políticos municipais, elixidos coma el polos cidadáns, o control das contas públicas, como utiliza os recursos de

todos para continuar vivindo do erario sufragando as súas campañas, dilapidando os cartos de todos, como se fose a súa conta corrente. Podemos disentir democraticamente na partidas municipais, pero non consentiremos que as utilice ao seu antollo.

Oleiros necesita un cambio, de persoas e maneira de gobernar. O Partido Popular chama a todos os cidadáns a unha reflexión sobre o futuro. No noso programa contemplaremos as demandas dos veciños e propoñeremos solu-

cións acordadas cos problemas deste tempo: servizos aos maiores, emprego para os máis novos, educación de calidade, apoio ao emprendemento, sanidade e saúde para todos, novos servizos tecnolóxicos, atracción para os visitantes; Oleiros será non só un excelente lugar para vivir senón que gobernaremos cos principios de transparencia e participación democrática, sen menosprezar a ninguén nin roubar aos compañeiros de corporación o seu lexítimo dereito de control no nome de todos os veciños.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSDeG - PSOE no Concello de Oleiros

## O grupo municipal do PSDG-PSOE negouse a aportar a información do seu grupo.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## Os recortes na sanidade chegan ás nosas nenas e nenos

O pobo de Oleiros temos a sorte de contarmos nos nosos centros de saúde con estupend@s profesionais. Destacan pola súa calidade humana e profesional @s pediatras: grazas ao seu extraordinario traballo non se ven aínda máis acrecentadas as políticas de recortes con que os gobernos do PP veñen castigando a nosa sanidade pública. Estes recortes, xunto cunha moi deficiente política de planificación por parte do SERGAS, son a

causa de que o servizo de pediatría de Santa Cruz padeza un colapso que xa é crónico. Así, mentres en Perillo hai 3 pediatras, en Santa Cruz só hai dúas; unha delas, ademais, atende unhas horas á semana no consultorio da Casa do Mar de Mera. A estas médicas o SERGAS non lle está a cubrir nin baixas nin vacacións (situación que tamén se está a producir cos médicos de familia), o que provoca listaxes de agarda dunha semana.

O colapso podería diminuír se, como vén reclamando o BNG e moitas familias, o Centro de Saúde da Covada, en Oleiros, tivese pediatría: é o único que non ten, nin sequera unhas horas á semana. As familias teñen que levar, si ou si, as súas nenas e nenos ou a Perillo ou a Santa Cruz. O servizo de pediatría da Casa do Mar de Mera tamén é moi precario: no mes de agosto, o momento do ano no que máis poboación hai na

localidade, non hai pediatra. A mesma precariedade que hai no servizo de urxencias de Santa Cruz: só dúas horas os sábados. No BNG de Oleiros cremos imprescindible loitar por un servizo de pediatría público e de calidade axeitado ás necesidades dun concello como o noso, cunha das taxas de poboación infantil máis altas de Galiza. A sanidade pública non se vende. Deféndese!

Os espazos desta páxina de opinión aberta, foron asignados segundo a representatividade de cada grupo, inspirada na Lei de bases de réxime local.



# EDITORIAL • ALARMA

◆ Unha sociedade democrática sen líderes políticos que velen pola conservación dos valores fundamentais para o desenvolvemento e o progreso dos pobos, está abocada ao caos e a desaparición do estado.

A corrupción estase a converter na arma máis letal para socavar os piares das democracias. Son xa moitos os estados errados en distintas partes do mundo vítimas das prácticas corruptas pero non só dos políticos senón tamén dos distintos poderes que naceron para avalar e asegurar os principios democráticos de xustiza, igualdade, seguridade...

A corrupción é o maior cancro que pode padecer un país. A capacidade de destrución é infinita, e cando esta impera nas distintas institucións dun estado, acaba corroendo os piares do mesmo.

Estamos a ser meros observadores de como aqueles aos que o pobo lles dou a confianza para rexer, para ben, o futuro de

España, a rouban a cachos para os seus peculios, organizándose como perfectas mafias, repartindo os territorios e usando os poderes do Estado para controlar ás distintas bandas, entretendo á cidadanía cunha guerra de trapos de comunidades e de linguas.

Á sombra de todas estas políticas destrutivas están a aparecer os novos e vellos lobos, os mesías que prometen o paraíso, que maltratan aos emigrantes, que se manifestan contra os dereitos das mulleres, que non respectan o libre pensamento, que queren militarizar o país. En resumo: a extrema dereita, a mesma que provocou a 2ª Guerra Mundial e os nacionalismos trasnoitados, cargados de intereses persoais.

Os españois non podemos alentar ás novas hordas destrutivas e debemos implicarnos e apuntalar a nosa democracia mandando ao cárcere e ao inferno a aqueles que non vallan para dirixir o noso País.

Hai que espertar!

## Orgullosos de vivir en OLEIROS





# Finaliza a obra do tanque de tormentas de Santa Cruz ▼



◆ O pasado mes de setembro remataron os traballos de construción do tanque de tormentas de Santa Cruz, na zona do parque Luis Seoane. Esta nova construción, xunto co sifón e o novo colector que vai desde a rotonda do Che Guevara ata a ponte da Pasaxe, supón unha importante mellora para a rede de saneamento do Concello de Oleiros. Coa obra realizouse tamén unha renovación total e unha ampliación da zona de xogos infantís do parque Luis Seoane.

## A rotonda do centro de Santa Cruz mellora notablemente o tráfico ▼



◆ A rotonda construída no centro de Santa Cruz está a permitir unha mellora notable do tráfico neste punto no que conflúen a estrada da costa e a de Dorneda. Ademais humanizouse toda esta zona con beirarrúas máis amplas, árbores e a decoración da rotonda.

Para abordar esta actuación o Concello expropiou previamente os terreos nos que estaba instalada a antiga gasolinera. A estación de servizo atopábase nunha situación irregular xa que non cumpría coas normativas de seguridade nin de medio ambiente. Dada a proximidade de numerosas vivendas, a permanencia da gasolinera supoñía un grave risco para centos de veciños e veciñas.

■ Coas obras da rotonda tamén se crearon 20 prazas de aparcamento comercial limitado e gratuito que poden ser ocupadas durante un máximo de 30 minutos.


Esta zona está indicada de cor laranxa e conta con sinalización vertical. As persoas usuarias deben colocar calquera elemento no que apareza a súa hora de chegada xunto ao parabrisas do vehículo.

O estacionamento comercial limitado funciona todos os días, domingos incluídos. O horario é de 9:00 a 20:00 horas.



# O Goberno municipal logra a construción dunha rotonda na Chasqueira ▶

◆ Despois de varios meses co expediente paralizado, ante as demandas e xestións realizadas polo alcalde e deputado Ángel García Seoane, a Deputación da Coruña realizará a obra de construción da rotonda no perigoso cruce existente entre da estrada que conecta Iñás con Pravio e a avenida Salvador Allende. A obra ten un custo de 579.086,06 euros que asumirá integramente a Deputación.




# Oleiros e Santa Cruz quedarán totalmente conectadas por beirarrúas a través da avenida de Venezuela ◀ de Venezuela

◆ Nos vindeiros meses comezarán as obras de construción de beiravías e beirarrúas na avenida de Venezuela, entre Oleiros e Coruxo. Está prevista a creación dos tramos de beirarrúas que faltan nesta estrada, en ambas mans. Desta maneira dotarase de seguridade a unha zona que conta cun tráfico importante e pola que tamén transitan numerosos peóns. Esta obra ten un custo de 251.528,97 euros, que financia a Deputación.

# A Deputación saca a contratación a ampliación da estrada da Besta ▶

◆ A instancias do Concello de Oleiros, a Deputación da Coruña está a realizar os trámites de contratación das obras de ampliación da estrada da Besta, que conecta o centro de Mera coa vía Ártabra, e que ascenden a 613.982,24 euros. O Goberno municipal logrou a cesión gratuita de boa parte dos terreos precisos para levar adiante esta importante actuación que vén reclamando desde hai anos.



Coa obra que se vai realizar a estrada pasará de 5 a 12 metros. Os carrís de circulación ocuparán 7 metros e as beirarrúas 5, para que os peóns poidan transitar de xeito seguro.





# O Concello investirá máis de 400.000 euros na avenida Rosalía de Castro ▶

◆ Está previsto que antes de que remate o ano o Concello aborde as obras de reurbanización da avenida Rosalía de Castro, en Perillo, desde a rotonda do Lucín ata a Ponte da Pasaxe. Inicialmente renovaranse as beirarrúas e as redes de servizos públicos de auga e saneamento. Posteriormente procederase ao asfaltado de toda a calzada neste tramo. O custo total desta actuación é de 403.725,52 euros, para a que o alcalde logrou que a Deputación achegara 215.217,35 euros. O Concello solicitou previamente o traspaso deste tramo de estrada autonómica ante o abandono ao que estaba sometido por parte da Xunta de Galicia, que accedeu á petición municipal e aportou 96.000 euros para o asfaltado.



# A rúa Xuncal será reformada por completo

◆ Nos vindeiros días comezarán as obras de mellora na rúa Xuncal, en Perillo. Vai acometerse unha completa renovación tanto das beirarrúas como do pavimento. Igualmente cambiarase a iluminación pública que pasará a contar con luminarias led, que alumean mellor e consumen moito menos. Tamén serán substituídas todas as árbores. Planteranse 28 carballos de pantano. O investimento nesta actuación é de 150.000 euros.



## Comezan a renovarse ◀ as marquesiñas

◆ O Concello contratou por 75.401,15 euros 14 novas marquesiñas para substituír por aquelas que se atopan en peor estado de conservación. Está prevista a súa colocación en Dexo -Jiménez Herrero 73 e 143-, en Mera -Doutor Fleming 65-, en Dorneda -República Argentina 91, 106, 128 e 183 e Abeleiras-, en Oleiros -Río 19-, Montrove -Rosalía Castro 79-, Nós -avenida das Mariñas 261 e 174-, Iñás -Salvador Allende 194-, e A Fortaleza. Con cargo ao orzamento do ano 2019 está prevista a contratación de 30 marquesiñas máis para poder continuar substituíndo aquelas outras que tamén se atopan deterioradas. Este novo modelo evitará o vandalismo que deteriorou as actuais.





## Avanzan os trámites para a construción de beirarrúas en Lorbé

◆ Malia a negativa da Xunta a asumir as súas competencias e realizar a obra de construción de beirarrúas en Lorbé nunha estrada da súa titularidade, o Concello decidiu actuar por conta propia para dotar de seguridade aos veciños e veciñas desta localidade. Inicialmente, e grazas á colaboración dos propietarios lindeiros coa estrada, o Goberno municipal chegou a acordo de cesión gratuíta para dispoñer do solo necesario para facer a obra. Despois, ante a pasividade da Xunta, o alcalde conseguiu fondos provinciais para poder iniciar esta obra no 2018. Así dos 455.020,52 euros necesarios, a Deputación achegará 193.965,21 euros e a cantidade restante financiarase con fondos propios municipais.



## Montrove, As Pedreiras e Cristo Rei xa están conectados con beirarrúas

◆ A obra de construción de beirarrúas desde Lamastelle ata As Pedreiras e desde ese punto ata o colexio Cristo Rei, no Carballo, atópase a piques de concluír. O Goberno municipal conseguiu o solo necesario para a creación dun carril bici nesta zona logo de chegar a acordos de cesión gratuíta cos propietarios lindeiros coa estrada e instou á Xunta de Galicia á que contratase a obra, xa que a estrada é de titularidade autonómica. Nesta actuación conserváronse todas as árbores autóctonas existentes no percorrido.

## A obra do comedor do Colexio Valle-Inclán comezará cando remate o curso ▼

◆ O Concello de Oleiros logrou que a Consellería de Ensino contrate as obras de construción do comedor do Colexio Valle-Inclán. A Xunta, que aclarou que as obras non comezaran debido a que aínda non iniciaran a licitación, comprometeuse a realizar a contratación nos vindeiros meses para iniciar os traballos unha vez que remate o curso escolar.

Pasaron xa 3 anos desde que a Xunta creou a metade do comedor, co compromiso de rematalo por completo máis adiante. Tanto o Goberno municipal como a ANPA levan anos denunciando esta situación e demandando un comedor escolar digno.



## Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros



Recibirás diariamente, de xeito automático e gratuíto, toda a información municipal no teu correo electrónico.

Desde a páxina principal da web municipal, [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), poderás acceder ao formulario de subscripción para darte de alta neste servizo.



# Sen contratar o túnel de Sol y Mar



◆ O Concello segue a demandar que o Ministerio de Fomento inicie os trámites de licitación para realizar a obra de construción dun túnel na intersección coñecida como Sol y Mar. Co proxecto xa aprobado, o Goberno central non ten escusas para sacar a obra a contratación antes de que remate o ano, pois existe unha partida nos orzamentos do Estado de 4 millóns de euros para facer esta actuación. Este túnel, xunto coa conexión da vía Ártabra coa AP-9, solucionarían moitos dos graves problemas de tráfico que existen na comarca e nos accesos á cidade da Coruña.

## AS PASARELAS PEONÍS EN CONSTRUCCIÓN ▼

Despois dunha demora de seis meses desde a súa contratación, por fin comezaron os traballos de colocación dos dous pasos elevados que demandaba desde hai anos o Goberno municipal ao Ministerio de Fomento na N-VI, entre Sol y Mar e o linde con Cambre. Para que esta obra se realizara, e a pesar de ser unha estrada do Estado, foi preciso que o Concello se comprometera a asumir os gastos de mantemento destas infraestruturas.

## O Goberno central demora novamente o dragado da ría

◆ O Goberno central volveu deixar patente o seu escaso interese en abordar o dragado da ría cunhas ridículas declaracións por parte do Delegado do Goberno nas que culpou á Xunta e aos concellos do retraso no inicio desta obra por non achegar financiación. Malia ocupar durante varios anos o cargo de alcalde da Coruña, o señor Delegado do Goberno aparenta descoñecer que a ría é competencia do

Estado e da Xunta e que os concellos non teñen que asumir ningún tipo de responsabilidade nin de carga económica. A pesar desta actitude e do “pasotismo” dos/as deputados/as coruñeses/as en Madrid, o Goberno municipal seguirá demandando o dereito a ter unha ría saneada, que sexa fonte de traballo e que tamén poida ser desfrutada por todos os cidadáns.

## A burrocracia da Xunta non impedirá a chegada do bus urbano 1A a Santa Cristina

◆ Despois do boicot perpetrado por parte da Xunta de Galicia para impedir a chegada do bus urbano 1A da Coruña a Santa Cristina este pasado verán, nos vindeiros días o Concello de Oleiros, o Concello da Coruña, a Compañía de Tranvías e a Consellería de Infraestruturas asinarán o convenio que permitirá a posta en marcha deste servizo público durante un período de 4 anos. Desta maneira, o Goberno municipal logrará o seu obxectivo de mellorar a mobilidade nas estradas de Oleiros durante a época estival.

O pasado 20 de abril o Concello propuxo a creación dun servizo de transporte público ás praias de Oleiros durante o verán desde os municipios da Coruña, Cambre e Culleredo para mellorar a mobilidade nas estradas. Aínda que en Cambre e Culleredo a empresa que ten a concesión se negou a realizar o servizo, no caso da Coruña si que existiu acordo entre todas as partes desde o día 11 de maio. Incomprensiblemente, a Xunta de Galicia dilatou os prazos e puxo numerosas trabas burocráticas innecesarias para que o servizo non funcionara.



■ A modo satírico, o alcalde presentou ante a Xunta un medio de transporte alternativo para ir ás praias de Oleiros.



## A rede de banda larga estenderase a diversas zonas do municipio ▼



◆ A Xunta de Galicia informou ao Concello de Oleiros que impulsará o despregamento da rede de banda larga para o acceso ultrarrápido a internet en diferentes zonas do municipio. O Estado concedeu unha subvención de 18,5 millóns de euros para toda Galicia que se destinarán a que os operadores poidan seguir co despregamento destas redes.

As localidades nas que están previstas as actuacións son: Lorbé, Agueira, Augarrío, Breixo, O Couto, Lourido Pequeno, Sisaldo, Abeleiras de Abaixo, Campo da Vila, Fontes, A Xesta, Maianca, Agra da Pedra, A Gándara, Punxeiro e Xoez.

A instalación de fibra óptica non é unha competencia municipal, aínda que desde o Concello si se está a demandar ás empresas a súa colocación nas distintas localidades do municipio. Grazas ao desenvolvemento urbanístico, unha porcentaxe alta de poboación xa dispoñen deste servizo.

## Martes de Entroido e San Xoán serán os festivos locais en 2019

◆ O pleno municipal acordou declarar festivos no Concello os días 5 de marzo e 24 de xuño. A primeira data corresponde ao martes de entroido e a segunda ao San Xoán.

## O libro “Oleiros en verde” recolle os principais parques públicos existentes no municipio



◆ O Concello de Oleiros editou unha publicación para informar e dar a coñecer o importante patrimonio de parques e zonas verdes públicas que dispoñen todos os veciños e veciñas. En total, imprimíronse 15.000 exemplares que se entregarán en man en todos os domicilios durante as vindeiras semanas. Os domicilios nos que os repartidores non atopen a ninguén recibirán unha notificación para que poidan recoller a publicación na Casa do Concello.

## O veciño que atacou as árbores da praza afundida de Santa Cristina terá que pagar 10.524,20 euros



◆ O Concello de Oleiros impuxo unha sanción de 6.000 euros ao veciño que atacou cunha machada dous metrosideros que se atopan nas inmediacións da praza afundida. A persoa que realizou este acto delitivo tamén terá que asumir os gastos de reparación desta acción, que ascenden a 4.524,20 euros.



Este individuo leva realizando este tipo de atentados contra o patrimonio público desde hai máis dunha década. Trátase dun veciño de Santa Cristina, residente na avenida das Américas, ao que o Concello xa lle colocou a árbore de ferro nas inmediacións da súa vivenda para denunciar estas actuacións.



## Os xabarís arrasan as zonas verdes ante a pasividade da Xunta de Galicia ▶

◆ A Xunta de Galicia, organismo que ostenta as competencias sobre o control dos animais, está obrigada por lei a controlar a reprodución incontrolada da especie, así como a abordar o problema que están a causar os xabarís nas zonas urbanas do Concello de Oleiros. Malia os continuos requirimentos realizados polo Concello e a existencia dun compromiso por parte da Consellería de Medio Ambiente de actuar en Oleiros, a realidade é que a Xunta non está a actuar ante este grave problema. Os danos provocados no patrimonio público xa superan os 80.000 euros.



## O Concello creará un albergue xuvenil no edificio principal da Finca Tenreiro ▶

◆ A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu unha subvención de 288.807 euros ao Concello de Oleiros para realizar un novo Obradoiro de emprego na Finca Tenreiro e levar a cabo traballos de carpintería e albanaría no edificio principal deste gran parque público. O Concello cofinanciará este proxecto con outros 27.800 euros.



Vinte persoas en situación de desemprego están a beneficiarse deste programa no que se imparte formación e práctica profesional nas especialidades de carpintería, moble e albanaría. Ademais están contratadas outras 5 persoas para dirixir o proxecto.

Este é o cuarto obradoiro de emprego que pon en marcha o Concello de Oleiros para rehabilitar este gran parque público de máis de 30.000 metros cadrados situado na localidade de Nós. Nesta ocasión rematarase a restauración do edificio principal para que poida acoller un albergue xuvenil.



## A recadación da ORA axuda a paliar os máis de 400.000 euros de gastos das praias

◆ O Concello realiza todos os veráns un importante desembolso económico para ofrecer uns servizos de calidade en todas as praias do municipio. A limpeza das praias e dos seus contornos, o servizo de salvamento e o socorrismo e todos os servizos que se prestan nos areais teñen un custo económico superior aos 400.000 euros.

Para cubrir parte deses gastos e garantir a rotación de vehículos nas inmediacións das praias, existen varias zonas do municipio próximas aos areais onde está establecido o sistema ORA. A recadación total por esta taxa no 2018 foi de 152.043,50 euros.



# Oleiros solidarízase co alcalde italiano detido por acoller persoas refuxiadas ▼

◆ O alcalde da localidade italiana de Riace, Domenico Lucano, vén combatendo desde hai dez anos os problemas de despoboación e envelhecimento do seu municipio a través do acollemento de persoas refuxiadas. Aproveitando axudas procedentes da Unión Europea, as persoas que chegaban tiveron unha oportunidade coa restauración de casas abandonadas, a creación de talleres, cooperativas e obradoiros de fomento de emprego local.

O novo goberno italiano do M5E e da Liga Norte decidiu conxelar as achegas económicas para este programa. Nin a folga de fame iniciada por Lucano conseguiu frear a actitude xenófoba do Goberno, que acabou sendo detido e actualmente se atopa expulsado do seu municipio.

En abril do ano 2016 Ángel García Seoane tomou a idea de Lucano para crear un modelo de repoboamento sostible para o rural na provincia da Coruña baseado na acollida de persoas refuxiadas. A proposta foi levada ao pleno da Deputación provincial pero non contou co apoio de ningún dos grupos. No mes de xuño deste mesmo ano 2018, a proposta foi levada de novo ao pleno da Deputación da Coruña, sendo aprobada. Esta aprobación suporá a creación dun Plan de Integración para as persoas refuxiadas na provincia da Coruña en colaboración cos concellos.



## O Concello asina un convenio coa Universidade, Nova Pescanova e Solidariedade Galega para o envío de material escolar a América Latina ▼



◆ O reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, o director de responsabilidade social corporativa de Nova Pescanova, Ángel Matamoros, o presidente da ONG Solidariedade Galega, Enrique Rodríguez, e o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, asinaron no Reitorado da Coruña un convenio de colaboración para a doazón, transporte e distribución de equipamento e material escolar en centros educativos de países de América Latina. Mesas, cadeiras, pupitres, libros, encerados, bicicletas... son algúns dos elementos que serán enviados.

O Concello de Oleiros desenvolve ao longo de todo o ano numerosas campañas nesta liña. O último dos envíos realizado a Nicaragua chegou no mes de setembro ao seu destino e xa foi distribuído polos centros educativos previstos.

## Os nenos saharauís do programa Vacacións en Paz visitan a Casa do Concello ▼



◆ O alcalde, Ángel García Seoane, recibiu na Casa do Concello ao grupo de nenos e nenas saharauís que pasaron as súas vacacións en Oleiros grazas ao programa Vacacións en Paz que organiza a ONG Solidariedade Galega co Pobo Saharauí e que o Concello financiou con 6.000 euros.

Durante o encontro, o alcalde deulles unha agarimosa benvinda, preguntoulles pola súa estada en Oleiros e tamén lles desexou sorte para o futuro. Ángel García Seoane tivo palabras de recoñecemento e agradecemento para as familias que acollen durante os meses de verán a estes nenos e nenas.

O Concello de Oleiros ten un forte compromiso co pobo saharauí. Ademais de participar e impulsar desde os seus inicios o programa Vacacións en Paz, desde Oleiros apoiáronse numerosas campañas para denunciar a situación existente no Sáhara Occidental.



# A nova lei de contratación retrasa o inicio de diversas obras ▼

◆ O recente cambio na lei de contratos da administración pública retrasou a contratación de diversas obras que o Concello tiña previsto executar no presente exercicio. A nova normativa, imposta polo antigo Goberno central do Partido Popular, esixe a realización dun complexo proceso telemático para tramitar as contratacións, o que complica aínda máis a burocracia da administración.

Nestes dous últimos meses o Concello conseguiu rematar diversas obras que foron contratadas atendendo á nova lexislación. As que aínda non se iniciaron, tanto as que xa están adxudicadas como as que se atopan en proceso de contratación, comezarán antes de que remate o ano. O total destas actuacións é de 3.238.131,92 euros.

## ▼ OBRAS FINALIZADAS ..... 215.420,70 EUROS

|  |                 |
|--|-----------------|
| ■ Pavimentación do camiño do Mazadoiro (Mera)                            | 44.128,70 euros |
| ■ Pintado luminarias paseo Santa Cristina (Perillo)                      | 4.930,63 euros  |
| ■ Pavimentación aparcadoiro da Mazota (Perillo)                          | 36.541,30 euros |
| ■ Reurbanización rúa Ícaro-avenida das Mariñas (Montrove)                | 60.850,90 euros |
| ■ Renovación da rede de augas na avenida das Mariñas (Perillo, Montrove) | 68.969,17 euros |

## ▼ OBRAS ADXUDICADAS ..... 1.514.798,92 EUROS

|  |                  |
|--|------------------|
| ■ Pavimentación das rúas da urbanización O Valiño (Nós)                  | 157.000 euros    |
| ■ Renovación da rede de augas na rúa do Pombal (Perillo)                 | 158.000 euros    |
| ■ Pavimentación da rúa A Seara (Nós)                                     | 105.105,51 euros |
| ■ Pavimentación das rúas da urbanización O Xunqueiro (Mera)              | 148.176,60 euros |
| ■ Cuberta da grada do campo de fútbol Leonardo Maceira (Santa Cruz)      | 124.938,55 euros |
| ■ Acondicionamento rúas Río Xallas, Río Ulla e Río Eo (Os Regos)         | 133.523,50 euros |
| ■ Peche da futura sede da Escola municipal de Surf (Bastiagueiro)        | 26.558,61 euros  |
| ■ Cuberta do parque José Couso (Perillo)                                 | 38.524,88 euros  |
| ■ Acondicionamento da Casa do pobo de Lorbé (Dexo)                       | 81.011,65 euros  |
| ■ Acondicionamento da Casa do pobo de Dexo (Dexo)                        | 25.561,57 euros  |
| ■ Almacén na pista polideportiva da II República (Perillo)               | 32.500 euros     |
| ■ Pavimentación da pista polideportiva do Seixal (Nós)                   | 26.101,18 euros  |
| ■ Pavimentación das rúas Mapoulas e Abella (Nós)                         | 40.196,20 euros  |
| ■ Contención de terras no campo de fútbol Nano García (Iñás)             | 29.901,21 euros  |
| ■ Parque infantil na urbanización As Torres (Oleiros)                    | 68.744,05 euros  |
| ■ Reforma da Casa das Pedras para centro de lecer (Perillo)              | 37.592,28 euros  |
| ■ Repintado dependencias Policía Local (Oleiros)                         | 18.631,58 euros  |
| ■ Renovación da fonte de Espiñeiro (Mera)                                | 14.257,70 euros  |
| ■ Renovación da rede de augas desde Coruxo ata a rúa do Mar (Santa Cruz) | 183.077,97 euros |
| ■ Reforma do centro de lecer (Santa Cruz)                                | 52.363,96 euros  |
| ■ Reforma ascensor edificio de Facenda Local (Oleiros)                   | 13.304,95 euros  |

## ▼ OBRAS EN LICITACIÓN ..... 1.507.912,30 EUROS

|   |                  |
|---|------------------|
| ■ Renovación do bombeo das Pedras (Oleiros)   | 83.986,41 euros  |
| ■ Mellora da iluminación do Balcón de Maianca (Mera)  | 35.929,45 euros  |
| ■ Cuberta da pista polideportiva da Casa do pobo de Dorneda (Dorneda)   | 181.427,40 euros |
| ■ Parque Costeiro Metropolitano (Bastiagueiro)  | 522.050,24 euros |
| ■ Decoración de rotondas: urbanización O Graxal (Montrove), urbanización As Torres (Oleiros), Abeleiras (Dorneda)           | 48.398,05 euros  |
| ■ Tratamento da madeira do paseo marítimo de Mera, parque das Galeras, pasarela do Castelo de Santa Cruz e parque do Graxal | 110.299,69 euros |
| ■ Pavimentación da rúa Pexegueiro (Montrove)  | 55.084,13 euros  |
| ■ Pavimentación, beirarrúas e rede de abastecemento de auga na rúa Miraflores (Oleiros)                                     | 57.643,67 euros  |
| ■ Pavimentación dun tramo da rúa Avelino Cachafeiro (Nós)   | 38.169,14 euros  |
| ■ Renovación colector saneamento na rúa Barcala (Nós)   | 159.843,48 euros |
| ■ Redacción do proxecto de paseo fluvial para o Rego de San Pedro (Nós)   | 143.000 euros    |
| ■ Reparación acceso praia de Portelo (Mera)   | 35.641,43 euros  |
| ■ Mobiliario urbano (Santa Cruz)  | 15.364,97 euros  |
| ■ Redacción proxecto remodelación pavillón da Rabadeira (Oleiros)   | 14.500 euros     |
| ■ Reparación cuberta pavillón Valle-Inclán (Perillo)  | 6.574,24 euros   |

## FONDOS PROVINCIAIS

O alcalde, Ángel García Seoane, que nesta lexislatura tamén é deputado provincial, está conseguindo que a Deputación da Coruña conceda os recursos económicos que lle corresponden ao Concello de Oleiros. Gobernos anteriores do Partido Popular negaban, por intereses partidistas, os cartos que debería recibir Oleiros atendendo a criterios obxectivos. A presenza do alcalde na Deputación está sendo clave para mudar este tipo de situacións, que eran totalmente inxustas. No caso concreto de todas estas obras, o alcalde logrou un total de 1.050.554,24 euros da Deputación para cofinancialas.

As obras de ordenación dos 70.000 metros que o Concello expropiou en Bastiagueiro para a creación dun parque público teñen un custo total de 522.050,24 euros. A Deputación provincial achegará 130.000 euros grazas á sinatura dun convenio.





## O Concello volve demandar ao Sergas a ampliación do centro de saúde de Mera e un servizo de psiquiatría ▶

◆ O Concello de Oleiros solicitou novamente o pasado mes de agosto ao Sergas un incremento dos servizos médicos, acorde ao número de habitantes do municipio. Malia o importante aumento de poboación dos últimos anos, o concello non conta cos servizos nin cos profesionais precisos para ofrecer unha atención axeitada.

Entre as demandas realizadas polo Goberno municipal está a necesidade de ampliar o centro de saúde de Mera, situado na Casa do Mar. As instalacións son insuficientes para prestar a atención sanitaria que precisan todos os veciños e veciñas do norte do municipio. Incomprensiblemente, o edificio da Casa do Mar dispón de máis espazo para poder incrementar os servizos médicos pero a Xunta ten infrutilizado este inmobile.

Desde o Concello de Oleiros tamén se demanda a creación dun servizo de psiquiatría no municipio; existente noutros concellos da comarca, con menos poboación, polo que é incomprensible que se lle negue este



servizo á veciñanza de Oleiros, cando ademais o Sergas o ten contemplado desde hai anos na súa planificación.

No documento remitido ao Sergas, o Concello tamén solicitou información sobre a situación do PAC de Santa Cruz para coñe-


cer o número de médicos en cada garda e confirmar que se cobren as baixas e as vacacións do persoal. Tamén é preocupante a falta de pediatras, que non son suficientes para atender os nenos e nenas. Ademais, a non cobertura das súas baixas agrava aínda máis este problema.

## A Xunta non recoñece a discapacidade que lle corresponde a un veciño de Dorneda que ten unha visión do 24% ▼

◆ Fran Amor, igual que a súa nai, sofre unha enfermidade rara. Os seus casos son os dous únicos coñecidos en Galicia. Tanto Sandra Llopis como o seu fillo naceron sen iris, pero a Xunta outórgalles unha valoración distinta. No caso da nai, estando na mesma situación, os equipos de valoración da Xunta de Galicia emitiron un recoñecemento co diagnóstico real e cunha puntuación moito máis alta.

Para a Xunta de Galicia non son suficientes os informes xenéticos achegados nos que se indican que nai e fillo padecen a mesma enfermidade, nin os numerosos informes médicos elaborados por distintos especialistas. Insisten en non recoller o diagnóstico real e en non valorar as graves consecuencias que ten para a vida diaria deste menor a súa enfermidade porque non aparece nos códigos publicados nun BOE.

Estes erros, gravísimos, están a afectar e incidir moi negativamente na vida dunha familia e no desenvolvemento dun menor que, con moito esforzo e capacidade de superación segue a loitar a diario por vencer as dificultades que lle puxo a enfermidade no camiño, e poder seguir estudando e ter un futuro como calquera outro rapaz da súa idade. A burocracia e o silencio dunha administración incapaz de recoñecer a realidade que ten diante, insensible ás conse-



cuencias que teñen as súas decisións na vida das persoas e incongruente coas súas propias decisións ao emitir ditames distintos no seu caso e no da súa nai, fixo necesario que a familia tivese que denunciar o caso a través dos medios de comunicación.

O Concello de Oleiros non pode actuar doutra forma que solidarizarse con esta familia nas súas reivindicacións, apoiándoa nunha demanda totalmente xusta que lles está a ocasionar graves prexuízos na súa vida e na súa situación económica.





## Máis de 650 persoas maiores participan nas actividades de envellecemento activo

◆ Se a participación no programa Ven e Descubre 2018 foi alta, o curso 2018/2019 das actividades de envellecemento activo iniciouse tamén cun importante incremento nos grupos que hai nas distintas localidades. Están programados 34 grupos: 9 de ioga e relaxación, 12 de ximnasia e 13 de memoria, 3 máis que o curso pasado.

Nestes momentos hai inscritas 667 persoas, das que o 92% son mulleres e o 8% homes. Por actividades, os talleres de memorias son nos que participa máis xente; 269 persoas, seguido de ximnasia con 240 e ioga con 168.

## O acto de entrega do II Premio fotográfico María José Cayado será o 14 de decembro na Fábrica ▶

◆ O Concurso de Fotografía *Vén e Descubre* "M<sup>a</sup> José Cayado" (Cheché) ten como obxectivo lembrar a figura e servir de homenaxe a quen durante máis de 20 anos traballou por e para as persoas maiores de Oleiros en diferentes actividades e programas contribuíndo, a través do seu traballo diario cheo de vitalidade, humanidade, bo facer e sentido do humor, ao maior benestar dos maiores de Oleiros. Ao mesmo tempo, ten como finalidade promover a participación de todas as persoas que participan nas distintas excursións e rutas de sendeirismo do programa *Vén e Descubre*.

O venres 14 de decembro, no Auditorio da Fábrica, terá lugar o acto de entrega dos distintos premios. Poderanse ver todas as fotografías presentadas ao concurso e haberá algunha sorpresa relacionada co traballo que ao longo de todo o ano desenvolven as persoas maiores nas actividades programadas desde os Servizos Sociais.



## O voluntariado de Oleiros non para ▼



◆ Remata o ano e o Voluntariado de Oleiros ten un calendario cheo de actividades e proxectos neste último trimestre. As reunións dos distintos equipos, así como do grupo coordinador, son intensas para poder organizar e planificar toda a programación.

Está prevista a realización dun curso de formación para o voluntariado no que aprendan a compartir documentos e información na nube e así ser máis áxiles á hora de coordinar e informar de toda a actividade, contribuíndo a un maior fluxo da información. Os proxectos de apoio ao reforzo escolar de menores, o acompañamento a persoas maiores, a colaboración co equipo de fútbol da Asociación ASPADISOL... suman e seguen adiante e, no Banco Solidario, hai prevista unha nova campaña de recollida de produtos de nadal para finais de novembro.

Para rematar o ano, con motivo do Día Internacional do Voluntariado, o 5 de decembro, realizarase un acto de sensibilización colectivo de carácter participativo e integrador.



## Toni Ripoll proclamouse campión do mundo de vela en Estados Unidos



◆ O veciño dos Regos Toni Ripoll González, xunto co seu compañeiro Jacobo García, proclamouse campión de mundo de vela en clase 420. Previamente, no campionato de Europa celebrado en Portugal tamén se proclamou campión continental na mesma modalidade.

## José Manuel Sánchez foi quinto no mundial de piragüismo ▼



◆ O piragüista oleirense José Manuel Sánchez volveu completar unha temporada extraordinaria cun quinto posto no Mundial e no Europeo de piragüismo de C-2, na distancia de maratón. Xunto co seu compañeiro Tono Campos, Sánchez logrou tamén este verán o seu 14º Campionato de España e o primeiro posto no Descenso Internacional do Sella, en Asturias.

## Uxía Martínez suma o seu primeiro punto WTA con tan só 16 anos ▼



◆ A tenista de Montrove Uxía Martínez Moral conseguiu o seu primeiro punto no circuito internacional profesional de tenis no Torneo de Amarante, en Portugal. Uxía completou unha magnífica actuación e caeu eliminada en oitavos de final ante a estadounidense Madison Westby.

## Manu Taibo consegue o campionato de España de patinaxe de velocidade ▼



◆ Manuel Taibo converteuse en campión de España de patinaxe de velocidade na modalidade de 3.000 puntos. O patinador do S.C.D. Rabadeira volveu amosar a súas grandes capacidades e foi o máis rápido do campionato celebrado en setembro en Zaragoza.



## Ouro para Carlos Souto no campionato de España de natación



◆ Carlos Souto proclamouse esta fin de semana campión de España de natación en 200 metros braza. O nadador de Iñás fixo unha marca de 2:28.28 e estivo moi preto de superar o récord galego de 15 anos.

## Mariló Pena segue dominando as competicións de slalom



◆ A deportista oleirense Mariló Pena, que atesoura nas súas vitrinas numerosos trofeos e medallas, incrementou aínda máis o seu palmarés durante o ano 2018 con catro novas medallas de ouro nos campionatos de España de slalom en cadeira de rodas. Esta extraordinaria deportista tamén forma parte da selección española, coa que participa en competicións internacionais.

## Perillo logra o campionato de España de yolas e o subcampionato de España de remo olímpico



◆ O Club de Regatas de Perillo proclamouse recentemente campión de España de yolas en categoría xuvenil. Ademais, esta entidade logrou unha medalla de prata no Campionato de España de remo olímpico na modalidade de catro scull cunha tripulación formada por César Resch Pérez, Cosme Sampedro Lema, Diego Allo Barrios e Rodrigo Cáceres.


Pola súa parte, o equipo feminino participou na prestigiosa Bandeira da Concha o pasado 30 de agosto. O equipo oleirense completou unha magnífica regata e estivo a piques de obter a clasificación para a xornada final, na que se miden as oito mellores tripulacións do cantábrico.

## Gran papel do Judo Club Oleiros na Liga Internacional de Clubs



◆ O Judo Club Oleiros conseguiu superar as fases eliminatorias e clasificarse para a Liga Internacional de clubs de judo. Nesta prestigiosa competición participaron os oito mellores clubs de Castela León, Portugal, Asturias e Galicia. Carlos Castellanos, Martín López, Gabi Plaza, Xerardo Bouza, Javier Plaza e Antonio Sandino forman este equipo.

## Ana Sánchez participará na máxima competición de ximnasia artística



◆ Ana Sánchez Prieto foi seleccionada polo Club Tempo para participar na máxima competición española de ximnasia artística, a Liga Iberdrola. Esta oleirense competiu durante o 2018 no nivel 8 de vía olímpica, o paso previo ás categorías nas que participan as ximnastas que acoden aos Xogos Olímpicos.

## O Santa Cruz leva a Copa de Oleiros



◆ O Santa Cruz CF derrotou ao Xuventude Dorneda na gran final do Trofeo Concello de Oleiros de fútbol por dous goles a cero. Algeli Pinales decidiu o encontro anotando os dous goles que subiron ao marcador. Nesta competición municipal o Concello reparte 10.000 euros en premios entre os equipos participantes.



## Máis de 400 persoas acoden á Carreira solidaria contra a leucemia infantil ▶

◆ O alumnado do CEIP Juana de Vega de Nós participou na Carreira solidaria contra a leucemia infantil organizada pola ANPA do centro. A intensa choiva non impediu que as persoas participantes conseguiran recadar 1.076 euros que serán destinados integramente a un proxecto da Fundación Unoentrecienmil. Con esta actividade pretendíase tamén concienciar e dar visibilidade ao grave problema que supón esta enfermidade.



## Vinte mozas e mozos viaxan a Italia co intercambio cultural con Buccino

◆ O Concello de Oleiros organizou un intercambio xuvenil coa Comuna de Buccino, no sur de Italia. Un grupo de 20 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos aloxáronse nas vivendas dos rapaces italianos que participaron nesta actividade e que, posteriormente, virán a Oleiros. Ademais de diferentes actividades e excursións, os participantes elaboraron un documental sobre a súa estancia en Italia, para o que previamente realizaron un curso formativo. Os gastos do desprazamento están subvencionados nunha parte importante polo Concello.

## Ángela Castiñeira participa no mundial de xadrez ▶

◆ Ángela Castiñeira González, veciña de Montrove de 9 anos de idade, disputou o Campionato do Mundo de xadrez que se celebra en Santiago de Compostela. A xoven axedrecista, que compite polo Club de Regatas Perillo, participou na categoría sub-10.



## Alicia Tojeiro, do Parga Pondal, entre as mellores profesoras de España ▼



◆ A mestra de educación primaria do CEIP Parga Pondal de Santa Cruz foi seleccionada como unha das 10 mellores profesoras de Galicia e tamén foi distinguida como unha das mellores de toda España nun premio especial organizado por unha entidade bancaria. Alicia Tojeiro desenvolve un importante traballo neste centro de ensino público con proxectos moi enriquecedores para o alumnado como un programa de reciclaxe no colexio, distintas iniciativas solidarias ou mesmo impartir conferencias na universidade.

**SE TES CAN, ▼  
TES OBRIGAS**



# O Ministerio de Cultura premia as bibliotecas de Oleiros pola súas actividades de animación á lectura ▶

◆ As Bibliotecas Municipais de Oleiros foron preseleccionadas un ano máis polo Ministerio de Cultura para optar ao Premio María Moliner 2018. O sistema de bibliotecas do Concello Oleiros é un dos 300 seleccionados neste prestixioso galardón, no que participan as mellores bibliotecas de todo o Estado español.

Ademais do importante recoñecemento que supón esta preselección, o Ministerio concederá unha subvención de 1.706,66 euros ao Concello de Oleiros para a adquisición de libros para as bibliotecas.

As Bibliotecas Municipais de Oleiros xa resultaron ganadoras do Premio María Moliner no ano 2011, na modalidade de municipio de entre 20.001 a 50.000 habitantes. Pero ademais deste premio, as bibliotecas de Oleiros recibiron numerosos galardóns en recoñecemento ao seu labor de difusión e fomento da lectura. O máis recente, foi o *Premio Fomento de la Lectura a Bibliotecas abertas al público* que entregou en 2017 a Federación de Gremios de Editores de España, que representa a máis do 90% das editoriais privadas españolas.




## A mocidade amosará a súa creatividade nunha nova edición do Premio Literario ▶ Descubrindo Oleiros

◆ O Servizo de Normalización Lingüística do Concello convocou a quinta edición do Premio Literario Descubrindo Oleiros, unha proposta para promover a lingua e dar a coñecer o municipio. Este concurso ten aberto o prazo para aqueles rapaces e rapazas estudantes de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e da ESO.

Esta proposta busca poñer en común dúas cuestións: o interese pola escritura na rapazada e dar a coñecer Oleiros e a súa contorna como lenzo para obras literarias e feitos históricos ao longo dos anos.

Nesta actividade, o alumnado ademais de mostrar a creatividade, aprende e investiga sobre os espazos municipais, sobre a súa flora e sobre as súas paisaxes. Nas catro edicións anteriores puidemos ler textos que falan da historia da Fábrica, de Rialeda, do mar e da praia, do Seixo Branco, da herba de namorar, dos plumachos... Historias que mostran o amor co que falan os rapaces e rapazas de Oleiros.



## O Concello organiza campamentos para nenos e nenas durante o Nadal ▼

◆ Os nenos e nenas de entre 3 e 12 anos teñen a posibilidade de participar entre os días 26 e 28 de decembro no Campa Nadal 2018, unha actividade que se desenvolverá en horario de 9:00 a 14:00 horas no CEIP Isidro Parga Pondal, no CEIP Valle Inclán e no CEIP A Rabadeira. Co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das nais e dos pais, o Concello pon en marcha unha nova edición desta actividade coa que tamén se procura fomentar entre as persoas participantes os hábitos de vida saudables, as habilidades artísticas e os valores positivos.

Neste campamento, os nenos e nenas coñecerán o seu medio natural e sociocultural máis inmediato. O traballo en grupo, a solidariedade, compartir experiencias lúdicas, aumentar os lazos de amizade, desenvolver a súa autonomía, estimular os hábitos saudables e educar na igualdade son os eixos sobre os que se moverá o Campa Nadal 2018.

## FESTIVAIS DE NADAL das Escolas Municipais

- **Big Band:** xoves 13 de decembro, 20:00 horas, A Fábrica
- **Escola de Música:** sábado 15 de decembro, 12:30 horas, Auditorio Gabriel García Márquez
- **Escola de Danza:** xoves 20 de decembro, 19:30 horas, Auditorio Gabriel García Márquez
- **Banda municipal e coro de voces brancas:** venres 21 de decembro, 20:30 horas, Auditorio Gabriel García Márquez





# As bibliotecas públicas do municipio, un ferredoiro de actividades para nenos e nenas ▼

◆ As sete Bibliotecas Municipais de Oleiros acollen ao longo de todo o ano numerosas actividades de promoción da lectura dirixidas a nenas e a nenos. Ata a chegada do nadal está prevista a celebración de diferentes sesións para fomentar a lectura e animar a que as nenas e os nenos visiten as bibliotecas no seu tempo libre. Debido a que o aforo é limitado, é imprescindible reservar praza na biblioteca na que se realiza a actividade.

## • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 15** (17:30 horas): *obradoiro a máquina de facer debuxos animados* con **Diseño & Creatividad**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *Lilí na escola* con **Trinke Trinke**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 29** (18:30 horas): *Ábrete conto!* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.

## • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 14** (18:30 horas): *O Valo* con **Pallasos en rebeldía**, para nenos e nenas maiores de 9 anos.
- ▶ **Día 28** (18:30 horas): *Rato canguro* con **Trinke Trinke**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

## • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ RUSO. DORNEDA

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 16** (18:30 horas): *.../AS* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.

## • BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 16** (18:30 horas): *Unha presada de castañas* con **Caxoto**, para nenos e nenas maiores de 4 anos.
- ▶ **Día 30** (17:30 horas): *obradoiro a máquina de facer debuxos animados* con **Diseño & Creatividad**, para nenos e nenas maiores de 6 anos.



## • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 27** (18:30 horas): *Empanada de Mamut* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.

## • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

### NOVEMBRO

- ▶ **Día 22** (18:30 horas): *Máis alá das montañas ou atravesando o mar* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas maiores de 3 anos.



## Cultura desde o berce con Apego ▼

◆ O Concello de Oleiros segue a ofrecer unha importante oferta cultural para os máis pequenos e pequenas, coa que ademais foméntase a lingua entre os nenos e nenas de 0 a 6 anos. Para asistir aos espectáculos do programa Apego, que impulsa o Servizo de Normalización Lingüística, hai que reservar a praza escribindo a lingua@oleiros.org ou chamando ao 981 610 000.

### • Percubebé/Obradoiro para bebés 25 de novembro, ás 12.30 horas na Fábrica

Percubebé é á vez un espectáculo musical e un obradoiro de percusión para bebés. Nesta proposta interveñen Marcelo Dobode e Bea Martínez, dous artistas moi familiarizados coa formación musical na primeira infancia. Durante o obradoiro as familias aprenden, participan e adquiren ferramentas para a execución musical, á vez que descubren e interpretan coa axuda de Marcelo e Bea, pequenas cantigas infantís. As familias ou bebés participantes teñen ao seu dispor numerosos instrumentos de percusión: pandeiros, pandeiretas, bombos, maracas...

**Idades:** de 0 a 3 anos - **Duración:** 60 minutos

**Entrada gratuíta con invitación que poderá reservarse desde o 19 de novembro.**



### • Levántate Xan!/Contacontos 2 de decembro, ás 12.00 horas na Fábrica

É de noite na granxa. A lúa campa no alto do ceo estrelado. Todo o mundo está durmindo e só se escoita ao lonxe un moucho, grilos e ras. O galo ten que prepararse para dar saída ao sol ... pero o galo non pode cantar!. Se o galo non canta o sol non sae; se o sol non sae Xan nunca espertará; e se Xan non esperta quen lle dará o almorzo aos animais?... Unha viaxe musical pola rutina diaria dunha granxa da man de Caxoto.

**Idades:** De 0 a 3 anos.

**Entrada gratuíta con invitación que poderá reservarse desde o 26 de novembro.**

### • Coas miñas mans/Concerto 15 de decembro, ás 18.30 horas na Fábrica

Pablo Díaz decatouse da importancia que teñen os xestos manuais e faciais para as nenas e nenos. Por este motivo, partindo das mans como estratexia comunicativa, xorde este novo traballo. Coas mans podemos comunicarnos, escribir, debuxar, pintar, contar, sentir... Por iso hai aquí temas con certa vontade didáctica como "As mans", "Os números", "As vogais", "As cores"; e outras máis lúdicas que falan da primavera, dos xogos, das mascotas ou de festas populares coma o San Froilán. En definitiva, cancións divertidas para medrar con alegría!

**Entrada gratuíta con invitación que poderá reservarse desde o 10 de decembro.**





# Teatro, música e cine para todos os públicos

■ O Auditorio Gabriel García Márquez e o auditorio do centro cultural A Fábrica continúan ofrecendo unha ampla oferta cultural durante os vindeiros meses. Habrá espectáculos para todos os gustos e todas as idades.

## Novembro

● **Sábado 17**, ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Dodo** é un espectáculo de teatro do Grupo Estable de Teatro do Concello de Oleiros. Antes de Dodo a poboación crecía desmesuradamente, tamén avanzaban as tecnoloxías, o consumo, a contaminación, as enfermidades, a violencia... É entón cando se realiza unha reprogramación e se separa unha parte da poboación.

■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



● **Domingo 18**, ás 19:30 horas

**Auditorio da Fábrica, Perillo**

**Manchester frente al mar** é unha película sobre un solitario encargado de mantemento de edificios de Boston que se ve na obriga de volver á súa pequena vila natal tras saber que o seu irmán morreu. Alí atópase co seu sobriño de 16 anos, do que terá que facerse cargo, e verase obrigado a confrontarse a un pasado trágico.

■ *Entrada libre con invitación. Poderán recollerse a partir das 18.30 horas.*



● **Sábado 24**, ás 20:30 horas

**Auditorio da Fábrica, Perillo**

O grupo **Marcos Teira: Translations Quinteto** ofrecerán un concerto no que os ritmos flamencos e a liberdade do jazz adaptaranse a temas clásicos nunha paisaxe nova e suxerente. O baile flamenco de Isaías Salazar e a cubanía jazzística do pianista Alejandro Vargas achegan novas cores e ritmos ao repertorio mestizo de Marcos Teira.

■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



● **Domingo 25**, ás 19:30 horas

**Auditorio da Fábrica, Perillo**

**Lobos sucios** é unha película que amosa como dúas mineiras galegas puideron cambiar o curso da historia durante a Segunda Guerra Mundial. Este thriller está ambientado nas minas galegas de volframio que foron explotadas polos nazis durante a guerra.

■ *Entrada libre con invitación. Poderán recollerse a partir das 18.30 horas.*



## Decembro

● **Sábado 1**, ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Fillos do sol** é unha elucubración teatral sobre a figura de Eduardo Pondal e a súa obsesión coa obra que ocupou toda a súa vida como escritor: *Os Eoas*. A cabalo entre a realidade ficcionada e a fabulación dramática, Eduardo Pondal confronta as súas dúbidas, medos e insatisfaccións creativas.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Domingo 2**, ás 19:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Entre bambolinas** é unha obra sobre unha compañía teatral. Desde as bambolinas dun teatro, vense reflectidos con humor e moita humanidade un compendio de complexos, vaidades e envexas, pero tamén amor, amizade, fidelidade e o drama de ver chegar o grande monstro do alzheimer.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*




● **Sábado 22**, ás 18:30 horas

**Auditorio Gabriel García Márquez, Mera**

**Patapatúm** é un espectáculo teatral familiar, recomendado para nenos e nenas de entre 3 e 8 anos, sobre o poder económico de nais e pais, os xoguetes e o aburrimiento dos nenos e nenas.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 17:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



● **Domingo 23**, ás 18:30 horas

**Auditorio da Fábrica, Perillo**

**A galiña azul** é un espectáculo familiar que mestura monicreques e actores, baseado no conto homónimo de Carlos Casares. A galiña azul resulta unha convincente arma contra a inxustiza, unha clara defensa da diversidade. Fainos lembrar que aínda é posible loitar contra a homoxeneidade cando esta vén imposta.

■ *As entradas poñeranse á venda a partir das 17:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



Arrinca os plumachos das túas fincas  
**SON UNHA PESTE**



## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

### **Verde que te quiero verde**

Oleiros é unha marabilla. Son moitos os servizos e os equipamentos públicos que temos e que desfrutamos. Casas do pobo, centros culturais, deportivos, locais de préstamo, actividades para os maiores, teatro, axuda para as persoas dependentes... Pero ademais de todo iso temos unha cantidade moi grande de parques e zonas verdes dunha beleza única.

Dá igual por onde vaias, Oleiros é verde. Norte, sur, leste e oeste. Parques, bosques, xardíns... ata as rotondas. Verde viento. Verdes ramas. El barco sobre la mar y el caballo en la montaña... que dicía Federico García Lorca.

Pero o mantemento das zonas verdes, dos bosques, dos parques non debe ser só cousa do Concello. Entre todos os veciños tamén estamos obrigados a coidar, respectar e conservar ese gran patrimonio que é de todos, para que nun futuro os nosos fillos e netos poidan herdar un tesouro valiosísimo.

*Marcos Fernández Girón - Iñás*

### **Colapsados nas estradas**

Os atascos nos accesos á cidade da Coruña son unha constante na vida diaria de milleiros de cidadáns. A non realización das obras de Sol y Mar, Ponte da Pasaxe e Alfonso Molina prexudican gravemente a diario ás persoas que se moven nos seus vehículos para traballar, estudar, facer compras...

Para acabar con esas colas tan frecuentes é necesario actuacións e obras. O Estado ten comprometidos fondos nos orzamentos deste ano para Sol y Mar e Alfonso Molina. Polo momento aínda nada se

sabe desas obras pero agardamos que os cartos comprometidos non se perden, nin se dirixan a outros territorios.

Vemos como o Concello leva anos reclamando estas melloras nas estradas e como o Ministerio de Fomento non actúa. Xa saímos á rúa noutras ocasión e, tal vez, sexa o momento de realizar unha mobilización masiva, xa que somos milleiros os afectados.

Especialmente grave é esta situación para os veciños de Perillo. O estado no que se atopa o cruce de Sol y Mar impídenos incorporarnos desde a rúa do Areal dirección Madrid. Xa levamos un ano soporitando isto, que ía ser provisional, e agardamos solucións.

*Asociación de Veciños A Ría*

### **Ensino público de calidade**

Levabamos anos agardando a que a Xunta dera o paso. E por fin parece que vai ser certo. O outro día escoitei ao alcalde na radio dicindo que cando remate este curso ían comezar as obras para acabar de facer o comedor do Colexio Valle-Inclán.

Somos moitos os pais e nais que por cuestións laborais temos que deixar aos nosos fillos a comer no colexio. Os traballos de hoxe en día impiden, en moitos casos, recoller aos nenos ás dúas da tarde. E por iso que se necesitan instalacións de calidade, non barracóns. Temos un grave problema coa natalidade e se queremos resolvelo ten que ser desta maneira, poñendo servizos a disposición dos pais.

Por sorte en Oleiros temos uns colexios formidables, nuns lugares maravillosos, con edificios decen-

tes e grandes patios. Os profesores tamén son excelentes. O ensino público está por riba do privado en todo, por moito que algúns non queiran velo. Pero debemos coidalo entre todos, pais, profesores e administracións. É un dos nosos bens máis preciados.

*María Barros Temprano - Perillo*

### **Transporte público**

O servizo de transporte público que temos os veciños do norte do municipio é moi deficiente. Estamos falando de que entre as parroquias de Maianca, Serantes e Dexo sumamos máis de 4.500 habitantes, aos que temos que engadirles os centos de visitantes que recibimos durante todo o ano.

No 2019 terminan as actuais concesións. A Xunta vai poder determinar novas frecuencias e percorridos nos novos contratos que asine coas compañías de transporte. Para o futuro do norte do Concello de Oleiros é vital acadar un servizo acorde á poboación existente e ás necesidades actuais.

Non podemos permitir que sigamos tendo un bus cada dúas horas á Coruña. Necesitamos conexións cada 20 minutos. Hai que ampliar horarios tamén, hai xente que ten horarios de traballo nocturnos, persoas que queren realizar actividades de ocio...

Temos diante unha oportunidade histórica que non debemos perder. Sabemos que o Concello vai a dar a talla nesta loita e, por suposto, aí estaremos nós tamén para conseguir un servizo de transporte público de calidade.

*Asociación de Veciños San Cosme de Maianca*



**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

|                              |                      |
|------------------------------|----------------------|
| Policía Local (24 horas)     | 981 610 001          |
| Garda Civil de Oleiros       | 981 610 067          |
| Garda Civil urxencias        | 062                  |
| Xulgado                      | 981 610 824          |
| Servizo de augas             | 981 610 602          |
| Recadación municipal         | 981 635 603          |
| Ofic. Consumidor (Omic)      | 981 610 000 ext.1274 |
| C. Recuper. fauna salvaxe    | 881 960 405          |
| Urxencias médicas (24 horas) | 061                  |
| Centro Urxencias Sta. Cruz   | 981 614 901          |
| Centro Saúde Perillo         | 981 638 731          |
| Centro Saúde Sta. Cruz       | 981 626 768          |
| Centro Saúde de Oleiros      | 981 082 188          |
| Casa do Mar de Mera          | 981 628 544          |
| Protección Civil             | 981 636 933          |
| Oficina Turismo              | 981 904 052          |

**Centros municipais de actividades**

|                               |             |
|-------------------------------|-------------|
| Centro Cultural A Fábrica     | 981 636 598 |
| Centro Cívico de Sta. Cruz    | 981 626 497 |
| Casa do Pobo de Iñás          | 981 631 240 |
| Casa do Pobo de Nós           | 981 664 257 |
| Casa do Pobo de Lorbé         | 981 618 201 |
| Centro Cultural de Montrove   | 981 639 422 |
| Casa da Cultura de Perillo    | 981 636 555 |
| Centro de Información Xuvenil | 981 636 598 |
| Museo Oleiros J.M.Kaydeda     | 981 626 692 |
| Castelo de Sta. Cruz          | 981 630 618 |
| Aula do Mar / Faros de Mera   | 981 618 154 |
| Escola Municipal de Danza     | 981 639 688 |
| Escola Municipal de Música    | 981 639 143 |
| Centro de Lecer Portaberta    | 981 614 083 |
| Complexo deportivo de Oleiros | 981 611 338 |
| Complexo deportivo de Perillo | 981 634 030 |
| Complexo deportivo de Dorneda | 981 614 430 |
| Piscina Municipal da Fábrica  | 981 639 506 |

**Centros educativos**

|                               |             |
|-------------------------------|-------------|
| CMF Isaac Díaz Pardo          | 981 631 706 |
| EI A Pardela / Os Regos       | 981 631 788 |
| EI As Galeras / Bastiagueiro  | 981 648 446 |
| EI A Braña / Mera             | 981 617 505 |
| EIM A Canteira / Perillo      | 981 977 921 |
| IES Neira Vilas / Perillo     | 881 880 858 |
| IES Miraflores / Oleiros      | 881 880 845 |
| IES Mª Casares / Bastiagueiro | 981 626 344 |
| CEIP Luís Seoane / Mera       | 981 617 130 |
| CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz | 981 614 976 |
| CEIP Valle Inclán / Perillo   | 881 960 324 |
| CEIP A Rabadeira / Oleiros    | 881 960 270 |
| CEIP Juana de Vega / Nós      | 881 960 947 |

**Bibliotecas**

|                               |             |
|-------------------------------|-------------|
| Central Rialeda / Perillo     | 981 639 511 |
| Rosalía de Castro / Sta. Cruz | 981 626 338 |
| Mª José Trincado / Mera       | 981 628 507 |
| Mª José Ruso / Dorneda        | 981 626 638 |
| Manuel María / Oleiros        | 981 610 700 |
| Ánxel Fole / Nós              | 981 664 257 |
| Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé   | 981 618 201 |

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

|               |                                    |
|---------------|------------------------------------|
| <b>Chea</b>   | 23 novembro/22 decembro/21 xaneiro |
| <b>Mingua</b> | 30 novembro/29 decembro/27 xaneiro |
| <b>Nova</b>   | 7 decembro/6 xaneiro/4 febreiro    |
| <b>Medra</b>  | 15 decembro/14 xaneiro/12 febreiro |

**Transportes**

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

**Horarios Cal Pita**

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

|   |   |
|---|---|
| 1 > A Coruña<br>> Fonteculler<br>> Fonteculler<br>> San Pedro <                                       | Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30'<br>Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30'<br>Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'<br>Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'   |
| 2 > A Coruña<br>> Perillo<br>> Montrove<br>> Os Regos<br>> Oleiros <                                  | Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora<br>Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora<br>Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora   |
| 2a > A Coruña<br>> Perillo<br>> Montrove<br>> Os Regos<br>> Oleiros<br>> Soñeiro <                    | Laborables Ida 7:05. Volta 7:30<br>Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30<br>Domingos e festivos Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30   |
| 2a > A Coruña<br>> Perillo<br>> Montrove<br>> Os Regos<br>> Oleiros<br>> Pousada <                    | Laborables Ida 16:05. Volta 16:35<br>Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35<br>Domingos e festivos Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35   |
| 3 > A Coruña<br>> Perillo<br>> Nós<br>> O Carballo<br>> Oleiros<br>> Sada <                           | Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora<br>Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas<br>Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora   |
| 4 > A Coruña<br>> Perillo<br>> Sta. Cruz<br>> Arillo<br>> Sada <                                      | Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora<br>Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora<br>Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora. ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora   |
| 6 > A Coruña<br>> Perillo<br>> Sta. Cruz<br>> Arillo<br>> Rialta <                                    | Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora. ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora<br>■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30<br>Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora<br>Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora |
| 6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz ><br>Arillo > Rialta > Dorneda ><br>Pousada > Oleiros > Soñeiro < | Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20<br>Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40   |
| 6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz ><br>Franzomel > Dorneda ><br>Pousada > Oleiros > Soñeiro <       | Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50<br>Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45<br>Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35   |
| VERÁN<br>> A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <   | Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora<br>Volta 10:30 a 21:30 cada hora   |
| VERÁN<br>> A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <   | Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora<br>Volta 10:50 a 20:50 cada hora  |



36.500 habitantes empadroados/as!

**Ata o 9 de novembro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

|                          |               |
|--------------------------|---------------|
| DEXO (Santa María)       | 1.378         |
| DORNEDA (San Martiño)    | 3.510         |
| IÑÁS (San Xurxo)         | 1.243         |
| LIÁNS (Santa Eulalia)    | 10.604        |
| MAIANCA (San Cosme)      | 1.472         |
| NÓS (San Pedro)          | 4.760         |
| OLEIROS (Santa María)    | 3.153         |
| PERILLO (Santa Leocadia) | 8.809         |
| SERANTES (San Xulián)    | 1.571         |
| <b>TOTAL</b>             | <b>36.500</b> |


**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

|  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA<br/>Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932</li> </ul>                 | Do 23 ao 29 de novembro<br>Do 8 ao 14 de febreiro             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ JAVIER SUÁREZ NEIRA<br/>Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165</li> </ul>   | Do 30 de novembro ao 6 de decembro<br>Do 15 ao 21 de febreiro |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ LAURA PEÑALVER GARCÍA<br/>Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)</li> </ul>   | Do 7 ao 13 de decembro<br>Do 22 ao 28 de febreiro             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ SANTIAGO MAIZ CAL<br/>Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027</li> </ul>                              | Do 14 ao 20 de decembro                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ MARTA VIGUERA MOSQUERA<br/>Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937</li> </ul>                                 | Do 21 ao 27 de decembro                                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS<br/>Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)</li> </ul>  | Do 28 de decembro ao 3 de xaneiro                             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO<br/>Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890</li> </ul>                                  | Do 4 ao 10 de xaneiro   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA<br/>Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503</li> </ul>         | Do 11 ao 17 de xaneiro  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN<br/>Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440</li> </ul>              | Do 18 ao 24 de xaneiro  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA<br/>Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184</li> </ul> | Do 25 ao 31 de xaneiro  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>■ PABLO DURÁN LOSADA<br/>Rúa Viñas de Babilonia, nº 10 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845</li> </ul>                                 | Do 1 ao 7 de febreiro   |



## A contratación a conexión da vía Ártabra coa AP-9 ▼



◆ A obra de conexión da vía Ártabra coa Autopista do Atlántico comezará no vindeiro ano e realizarase en dúas fases. No primeiro tramo que está previsto construír, que sairá a licitación proximamente, esta estrada chegará ata as proximidades da AP-9. Posteriormente executarase unha segunda fase na que se abordará o enlace coa autopista.

Incomprensiblemente, o Ministerio de Fomento aínda non deu o visto bo á conexión da vía Ártabra coa AP-9. Audasa, que reclama un terceiro carril na AP-9 desde Cambre ata A Coruña, coa conivencia do Ministerio e da Delegación do Goberno, que vai realizar un estudo para valorar o proxecto da Xunta, provocaron un incomprensible retraso na contratación desta importante obra para a mobilidade da comarca da Coruña.

## SEN REMATAR A OBRA NO PORTO LORBÉ ▼

Ademais da conexión coa AP-9 e coa A-6, para finalizar a obra da vía Ártabra está pendente a creación dunha rede de saneamento na zona do Porto de Lorbé para as instalacións portuarias, o restaurante e a depuradora de mexillón. Igualmente a Xunta ten sen contratar o aparcadoiro que está previsto crear na explanada que hai entre o remate da vía Ártabra e a entrada ao porto, cuxos terreos foron expropiados previamente.

